

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O CONCELLO DE LUGO PARA
AUTORIZAR O USO TEMPORAL DE TERREOS MUNICIPAIS PARA INSTALACIÓN
PROVISIONAL DE COMEDOR ESCOLAR DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL FINGOI
NÚM. 2 DE LUGO**

Lugo, data da súa sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, actuando en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confiren os Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Doutra parte, Miguel Fernández Méndez, alcalde-presidente do Excmo Concello de Lugo, actuando en virtude das facultades que lle atribúen o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes, na representación que ostentan e recoñecéndose con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio, e para estes efectos



EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Concello de Lugo é titular do inmovible que de seguido se describe:

Parcela con referencia catastral 8322006PH1682S0001IO, sita na avenida de Madrid, cunha superficie de 2.586 metros cadrados segundo os datos catastrais.

Segundo o vixente Plan xeral de ordenación municipal de Lugo os terreos están clasificados como solo urbano consolidado e teñen asignadas dúas cualificacións urbanísticas:

- unha parte está cualificada como viario público
- e o resto da parcela está cualificada como zona de aplicación da ordenanza de edificación aberta, grao 1, con uso específico residencial de vivenda colectiva, unha edificabilidade de 2 m²/m² e unha altura máxima de 8 plantas.

Segundo.- Que os terreos municipais cualificados como zona residencial forman parte integrante do patrimonio municipal de solo e o Concello de Lugo ten a intención de allealos ou permutalos para atender aos fins propios do patrimonio municipal de solo, en particular, para obter terreos destinados a sistemas xerais e locais de dotacións públicas, efectuar pagamentos de indemnizacións ou xustos prezos por actuacións urbanísticas, construír vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, e outras finalidades de interese público vinculadas á planificación e xestión urbanística.

Terceiro.- Que a actual Escola de Educación Infantil Fingoi núm. 2 de Lugo, está situada sobre terreos que, segundo o vixente Plan xeral de ordenación municipal, están cualificados como zona de equipamento comunitario, cunha edificabilidade de 1,5 m²/m² e unha altura máxima de 3 plantas.



A edificación actualmente existente é de planta baixa, cunha superficie construída de 368 m2, segundo Catastro, polo que é susceptible de ser ampliada de acordo co planeamento urbanístico municipal.

Cuarto.- Que, conforme ao disposto no artigo 1.3 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, corresponde á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional proveer, mediante a modalidade máis conveniente en cada caso, a prestación do servizo de comedor escolar ao alumnado que curse a ensinanza básica e/ou segundo ciclo de educación infantil.

Así mesmo, o citado decreto establece entre as modalidades de xestión do servizo de comedor escolar, a xestión por administracións públicas distintas da Xunta de Galicia, responsables da contratación e xestión integral do servizo, mediante a subscripción, no seu caso, de convenios de colaboración para tal efecto.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o concello de Lugo teñen a intención de colaborar co obxecto de dotar de servizo de comedor escolar á Escola de Educación Infantil Fingoi. Para estes efectos, a Consellería instalará, na parcela anteriormente identificada, unha instalación móbil sufragando os gastos de instalación e conservación da mesma co fin de que o Concello preste no centro educativo antedito o servizo de comedor no curso 2025-2026.

Quinto.- Que en virtude do artigo 25.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde aos municipios, como competencia propia, "participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial."



Sexto.- Que para poder prestar o servizo de comedor escolar no antedito centro de educación infantil, e sen prexuízo das xestións e actuacións necesarias para a futura ampliación do colexio que serán obxecto de convenio posterior, a Consellería solicitou ao Concello de Lugo que autorice o uso con carácter temporal para instalación provisional de comedor escolar.

Por isto, as partes asinantes asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións xurídicas ás que quedará suxeita a autorización temporal de uso de 100 metros cadrados de terreos de titularidade municipal a favor da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coa finalidade de emprazar unha instalación de carácter provisional destinada a comedor escolar da Escola de Educación Infantil Fingoi núm. 2, en Lugo.

Segunda.- Autorización temporal de uso.

O Concello de Lugo autoriza o uso de 100 metros cadrados de terreos cualificados situados dentro da parcela municipal con referencia catastral 8322006PH1682S0001IO, con carácter temporal e gratuíto, para instalar un módulo de destinado a comedor escolar da Escola de Educación Infantil Fingoi núm. 2, que terá carácter provisional e facilmente desmontable. A situación e emprazamento da instalación provisional será a que se reflicte no plano anexo que forma parte integrante deste convenio.

O desenvolvemento doutros usos ou doutras actividades que non figuren neste convenio ou o incumprimento dalgunha condición do mesmo será causa de extinción da autorización que comporta.



Terceira.- Prazo de duración.

Este convenio e a autorización que nel se outorga terá unha vixencia de DOUS (2) ANOS a contar desde o día seguinte ao da sinatura do mesmo, sendo prorrogable, como máximo, por UN (1) ANO máis. Non caben novas prórrogas.

En todo caso, esta autorización é outorgada a título de precario.

Cuarta.- Condicións da autorización temporal de uso.

Serán por conta da Consellería todo tipo de gastos que, por calquera circunstancia, se produzan en relación coa utilización dos terreos cedidos, incluíndo de forma expresa e non excluínente, os consumos que se podan producir ao efecto.

A Consellería obrigase a conservar os terreos en perfecto estado de uso, limpeza, hixiene e ornato, realizando ao seu cargo as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisas vinculadas a tal obrigación.

Serán ao seu cargo todas as obras e instalacións e adaptacións posteriores á sinatura deste convenio que sexan precisas, tanto para manter as instalacións nas debidas condicións de hixiene e conservación, como para adecualas á normativa de obrigado cumprimento que sexa de aplicación en cada momento.

Quinta.- Prestación do servizo de comedor.

A xestión do comedor escolar será asumida polo Concello, na que se inclúe a vixilancia dos menores comensais, por parte da empresa de restauración contratada, no tempo en que estean utilizando o servizo.

Sexta.- Resolución do convenio e da autorización obxecto do mesmo.

Serán causa de resolución do presente convenio e conseguinte extinción da autorización de uso obxecto da mesma, as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O mutuo acordo das partes que o asinan.



- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera das partes.
- d) A denuncia de calquera das partes, notificada á outra, por escrito, cun prazo de antelación mínimo dun mes.

En todo caso, a autorización de uso poderá ser revogada unilateralmente polo Concello de Lugo en calquera momento e sen dereito a indemnización, cando resulte necesario para edificar a parcela ou para alleamento ou permuta con outros fins urbanísticos.

Extinguida a autorización, a Consellería estará obrigada a retirar as instalacións e deixar libre a parcela, restaurando a realidade física alterada, no prazo máximo dun mes desde a extinción da autorización.

Sétima.- Comisión de Seguimento.

Constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento paritaria formada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, que terán como funcións o impulso e seguimento do Convenio, velar polo cumprimento dos compromisos asinados, así como resolver as discrepancias xurdidas sobre a interpretación, execución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente Convenio.

Oitava.- Publicidade e transparencia.

O presente convenio publicarase de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, ambas partes farán a difusión que corresponda nas súas respectivas sedes electrónicas.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes para incluír e facer públicos os datos referidos ao acordo de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Novena.- Protección de datos.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento, unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.

Décima.- Natureza xurídica e xurisdición.

O presente convenio ten natureza administrativa, conforme ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non tendo por obxecto prestacións propias dos contratos.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable, no seo da Comisión de seguimento establecida na Cláusula Sétima, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio

A existencia de calquera tipo de controversia entre as partes en relación coa interpretación ou execución do establecido neste convenio, non resolto no seo da Comisión de Seguimento, resolverase ante os Xulgados e Tribunais competentes.

E para que así conste, para os efectos oportunos, e en proba de conformidade con canto antecede, asinan dixitalmente este documento.

O Conselleiro

Román Rodríguez González

O Alcalde

Miguel Fernández Méndez



